



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 25 DE MARZO DE 2021,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados proxecto de construción: Itinerario peonil e ciclista na PO-551. Treito: A Moureira - Palmás, puntos quilométricos 29+450- 30+900, de clave: PO/16/268.06, no concello de Moaña (Pontevedra).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se declara de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de Arcos – Sobrada de Aguiar – San Lourenzo de Aguiar (Outeiro de Rei – Lugo).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de San Fiz de Paz (Outeiro de Rei –Lugo).

ACORDOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración para o ano 2021, entre a Consellería de Política Social e a Fundación Juansoñador, para o desenvolvemento do programa socioeducativo e de lecer e tempo libre, de atención integral para a infancia, a adolescencia e as familias. Importe: cento cincuenta e sete mil novecentos doce euros con noventa e catro céntimos (157.912,94€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre os proxectos que conforman a candidatura da Xunta de Galicia para optar aos fondos europeos Next Generation.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR UNHA SENDA NA ESTRADA PO-551, ENTRE A MOUREIRA E PALMÁS, NO CONCELLO DE MOAÑA

- *A actuación conta cun orzamento de case 1,7 millóns de euros nos que se inclúe o pagamento dos 26 predios necesarios para a súa execución*
- *Tras a análise das achegas presentadas e por petición do Concello, amplíase a senda en 300 metros para conectar na parte final coas beirarrúas existentes en Meira*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá ao levantamento de actas previas e á licitación das obras no segundo semestre deste ano*
- *Construirase unha senda de 1,45 quilómetros de lonxitude en formigón coloreado e con treitos con zona axardinada, cunha sección dun mínimo de 1,5 metros*
- *A intervención complementa e está coordinada co proxecto de eliminación dun treito de concentración de accidentes en Domaio, cun investimento de arredor de 570.000 €*
- *O novo itinerario enmárcase no Plan de sendas da comarca do Morrazo, que prevé a execución de 8 itinerarios seguros, sustentables e integrados na paisaxe, cun investimento superior aos 4,5 millóns de euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe as expropiacións para executar unha senda na estrada autonómica PO-551, entre A Moureira e Palmás, no concello de Moaña.

O investimento que o Goberno galego destinará a este proxecto ascende a case 1,7 millóns de euros, nos que se inclúe o pagamento dos 26 predios precisos para levar a cabo a actuación.

Executarase unha senda pola marxe dereita da estrada PO-551 entre os puntos quilométricos 29+220 e 30+920.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá ao levantamento de actas previas e á licitación das obras no segundo semestre do ano. Os traballos contan dun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta, tras a análise das achegas presentadas ao proxecto inicial, e atendendo á solicitude do Concello, actuará ao longo dun tramo de 1,45 quilómetros da estrada, ampliándose en 300 metros a lonxitude da senda, para facilitar a mobilidade dos peóns que acceden á PO-551 desde Meira para conectar na parte final coas beirarrúas existentes.

O novo itinerario proxéctase, na súa maior parte, en formigón coloreado e estará limitado exteriormente por un bordo que o diferencie do resto da plataforma. Naqueles

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

casos onde o espazo dispoñible sexa suficiente disporase tamén dunha franxa vexetal axardinada entre a senda e a calzada.

O ancho do itinerario será variable, sendo como mínimo de 1,5 metros, e a franxa axardinada, nas zonas onde se dispoña, será de 0,5 metros. Polo desnivel do terreo ao carón da estrada será necesario executar máis de 300 metros da senda ampliando a plataforma da calzada cunha estrutura en voadizo.

Os traballos incluírán, ademais, o acondicionamento da marxe da estrada e a roza das áreas adxacentes á senda, coa fin de mellorar a paisaxe e favorecer o uso do novo itinerario.

Esta actuación enmárcase no Plan de sendas da comarca do Morrazo, que prevé a execución de 8 itinerarios seguros, sustentables e integrados na paisaxe, cun investimento superior aos 4,5 millóns de euros.

A senda complementábase e está a coordinarse coa execución do proxecto de eliminación dun treito de concentración de accidentes nesta estrada, en Domaio, que suporá un investimento de arredor de 570.000 euros. A obra correspondente a esta mellora da seguridade viaria xa foi licitada o pasado 22 de decembro e prevese iniciar nesta primavera.

Neste caso, actuarase no tramo comprendido entre os puntos quilométricos 27+760, no paso de peóns da travesía de Meira á altura do centro de saúde, e o 32+670, na intersección coa vía provincial EP-1103, á saída de Domaio.

Na imaxe amósase a planta da nova senda:



A XUNTA DECLARA DÚAS NOVAS ZONAS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA NO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI QUE BENEFICIARÁN A 833 PROPIETARIOS

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe os decretos que inician estes dous procesos na zona de San Fiz de Paz e na de Arcos – Sobrada de Aguiar – San Lourenzo de Aguiar*
- *Entre as dúas zonas vanse reorganizar máis de 2.000 hectáreas de superficie para incrementar a base territorial das explotacións da zona*
- *A Xunta cumpre o compromiso adquirido de decretar novas reestruturacións parcelarias por cada proceso con títulos entregados*

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza semanal os dous decretos da Consellería do Medio Rural polo que se declaran de utilidade pública as reestruturacións parcelarias da zona de Arcos – Sobrada de Aguiar – San Lourenzo de Aguiar e da zona de San Fiz de Paz, ambas no concello lugués de Outeiro de Rei. Así, uns 833 propietarios veranse beneficiados por estas reestruturacións parcelarias, que comprenden unha superficie de máis de 2.000 hectáreas.

Así, trátase dos dous primeiros decretos de reestruturación parcelaria que se decretan tras a entrada en vigor en 2015 da Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga), que busca aumentar a base territorial das explotacións e reducir considerablemente os seus custos de produción.

Neste sentido, cabe sinalar que ambos os procesos foron apoiados polo Concello e polos titulares das explotacións da zona. Falamos de dúas áreas nas que están rexistradas 125 granxas, a maior parte delas de vacún. De aí a necesidade de reorganizar o territorio para mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias da zona.

Ademais destes dous novos procesos, tamén se acaban de someter a información pública no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), do pasado 18 de marzo, os estudos previos de iniciación das zonas de reestruturación parcelaria de Poulou (Ordes, A Coruña), de Seoane da Pregación (Friol, Lugo) e de Viladonga (Castro de Rei, Lugo). Precisamente, cabe sinalar que por cada proceso finalizado (con títulos de propiedade entregados aos veciños), a Xunta decretará unha nova zona de concentración parcelaria para loitar contra o abandono das terras, anticiparse aos incendios forestais e fixar poboación no medio rural que permita facer rendible a actividade produtiva. Precisamente os dous decretos de hoxe amosan o cumprimento deste compromiso adquirido por parte do Goberno galego.

Lei de recuperación



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

En calquera caso, a Xunta ten claro que as concentracións parcelarias son unha ferramenta fundamental para paliar o minifundismo presente na nosa comunidade, dende o punto de vista da estrutura da propiedade. De aí que se investisen nos distintos procesos de reestruturación máis de 118 millóns de euros desde o ano 2009, sendo o orzamento previsto para este 2021 de máis de 12 millóns de euros.

Por iso, a Xunta seguirá impulsando estes procesos da man da futura Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que vén complementar e desenvolver o marco legal actual, para culminar un camiño iniciado pola Lei da Metaga. Así, na nova lei apostarase ademais por mecanismos de mobilización voluntarios que permitan unha maior participación dos interesados na explotación das terras, como son os polígonos agroforestais, as agrupacións de xestión conxunta da terra, a iniciativa das aldeas modelo ou as permutas de especial interese agrario, entre outras. Desta forma, mellorarase a estrutura territorial das explotacións agrogandeiras e forestais galegas, favorecendo a súa rendibilidade.





A XUNTA CONSOLIDA O INCREMENTO DUN 40%, ATA OS 158.000 EUROS, DA SÚA AXUDA Á FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR PARA O PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL A MENORES TUTELADOS

- *Sumada a achega da entidade, o orzamento total do novo convenio alcanza os 180.000 euros, o que permitirá manter a ampliación de nenas, nenos e adolescentes beneficiados ata preto de 500*

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe ao novo convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Juan Soñador por valor de 180.000 euros para dar continuidade ao programa de atención integral de menores en situación de risco, desamparo ou exclusión social que están tutelados pola Administración autonómica. O documento consolida o incremento do 40% aplicado o ano pasado á achega da Xunta, que ascenderá, así, este ano a 158.000 euros.

Esta colaboración permitirá a esta entidade contar no exercicio 2021 cun presuposto total de preto de 180.000 euros, un 15% máis ca en 2019, para dar continuidade a esta iniciativa. A consolidación deste aumento orzamentario permitirá, por unha banda, manter a ampliación do número de rapazas e rapaces que forman parte desta iniciativa, que hoxe ascenden a preto 500 e, por outra, reforzar unha das áreas principais do programa, a atención escolar, para o apoio educativo destes menores.

Os outros tres campos nos que se actúa con este programa son o desenvolvemento persoal e social dos menores, a través de titorías e obradoiros centrados na educación emocional; a dinamización do ocio e o tempo libre, co que se realizan actividades lúdicas e culturais de cara a un crecemento saudable; e a atención familiar, mediante o acompañamento a estas no proceso de acollemento.

Favorecer o desenvolvemento dos menores

O obxectivo deste convenio é seguir traballando, a través da colaboración con Juan Soñador, por favorecer o desenvolvemento dos menores en situación de desprotección e por mellorar a súa calidade de vida, tanto se se atopan nun centro de protección ou en acollemento familiar, unha figura que en Galicia é prioritaria á hora de atender aos menores que están en risco ou desamparo.

A Xunta de Galicia e a Fundación Juan Soñador comezaron no ano 2015 este programa de apoio social, educativo e de ocio a menores tutelados. Desde entón duplicouse o número de nenas, nenos e adolescentes atendidos, ao pasar dos 227 beneficiarios nese primeiro ano aos 500 que se prevén acadar en 2021.

A XUNTA AVALÍA OS 354 PROXECTOS IDENTIFICADOS A TRAVÉS DA ESTRATEXIA NEXT GENERATION GALICIA COS QUE SE PODERÍAN MOBILIZAR 19.698M€

- *A candidatura galega ten como obxectivo impulsar a transformación do sector industrial e empresarial galego involucrando de xeito activo ás pemes da Comunidade*
- *Froito do traballo dos últimos meses co tecido económico e os axentes sociais, Galicia actualizou a súa candidatura, que conta con iniciativas enmarcadas en cinco cadeas de valor*
- *Os proxectos permitirán impactar na cadea de valor da economía circular e a transición enerxética; a mobilidade sustentable; os hubs de innovación dixital, a Industria 4.0 e as TICs; as cadeas de mar-industria, agro-industria e cohesión territorial; así como no eido sanitario*

O Consello da Xunta avaliou na súa reunión de hoxe os 354 proxectos identificados a través da Estratexia Next Generation Galicia, cos que a Comunidade pretende captar fondos europeos de reconstrución e que permitirían mobilizar 19.698M€. Deles, 247 pertencen ao sector público da administración e supoñen o 34,6% do orzamento (6.827M€) e 107 aos sectores económicos e industriais co 65,4% do orzamento (12.871M€).

De feito, a colaboración público-privada é, precisamente, unha das claves nas que se apoia a estratexia galega.

A Xunta leva meses traballando co tecido económico e cos axentes sociais no deseño da súa candidatura da que, inicialmente, formaban parte un total de 108 proxectos que se foron enriquecendo coas achegas do tecido económico –a través da celebración de foros sectoriais–; coa participación activa do sector público a través da Comisión Next Generation Galicia e coa busca do consenso a través do diálogo social, o Comité de expertos económicos e a Comisión de Reactivación do Parlamento galego. De xeito paralelo, activouse a Oficina de proxectos tractores e aprobouse a Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica, dous instrumentos para apoiar o desenvolvemento das iniciativas galegas.

Froito de todo este traballo a candidatura foi evolucionando, actualizándose e mellorando ata identificar cinco cadeas de valor sobre as que terán un maior impacto os proxectos que Galicia vai presentar aos fondos europeos.

A cadea de valor da economía circular e a transición enerxética agrupa un total de 126 proxectos (36% do total). Busca a protección do medio ambiente e da biodiversidade, o fomento de iniciativas relacionadas co cambio climático, a política forestal e a



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

economía circular, a consolidación do uso das enerxías renovables e a eficiencia enerxética, o proceso de descarbonización de Galicia e o impulso das redes eléctricas intelixentes.

A cadea da mobilidade sustentable conta cun total de 32 propostas (o 9%) que inciden en aspectos como o fomento de infraestruturas e redes intermodais e verdes, o desenvolvemento do vehículo eléctrico, autónomo e os novos combustibles, ou o impulso de novos modelos loxísticos, sistemas de transporte de viaxeiros intelixentes ou o uso de drones.

A terceira, con 56 proxectos (16% das iniciativas), xira ao redor dos hubs de innovación dixital, a Industria 4.0 e as TICs, co obxectivo de crear e implantar centros de transferencia para o desenvolvemento de tecnoloxías disruptivas e innovadoras, o apoio á industrialización 4.0 das pemes, o desenvolvemento e implantación de solucións dixitais sectoriais ou o impulso do e-goberno e da transformación dixital da administración pública.

En cuarto lugar, as cadeas mar-industria e agro-industria vinculadas ao crecemento cohesionado, engloban 71 propostas (o 20%) para o fomento da industria agroalimentaria, o emprego sustentable e integrador, a dinamización do medio rural e a loita contra o despoboamento, a capacitación dixital e a superación da fenda dixital, o impulso dunha educación máis dixital e inclusiva, a promoción do turismo e a cultura e para a promoción do uso de espazos e bens culturais e de especial interese rexional.

Por último, a quinta cadea de valor, céntrase no eido sanitario, os modos de vida saudables e a nova economía dos coidados para avanzar cara a un sistema sanitario galego máis innovador, sustentable e próximo ao paciente, fomentar a industria biotecnolóxica e farmacéutica e apostar polas vantaxes do deporte e estilos de vida máis saudables. Son un total de 69 proxectos que representan o 19% do total.

Con esta candidatura a Xunta busca aproveitar a oportunidade excepcional que os fondos europeos Next Generation supoñen para impulsar a transformación do sector industrial e o tecido empresarial galego e determinar o futuro económico de Galicia na próxima década. Neste sentido, a prioridade é involucrar de xeito activo ás pemes no desenvolvemento dos investimentos e os proxectos definitivos para que sexan as principais beneficiarias dos fondos.